

TROFEO CONCELLO DE CARBALLO 2021

Categorías: Promesa, Principiante, Alevín, Infantil e Cadete (masculino e feminino).

Número de participantes: máximo 250 corredores entre todas as categorías. Só para corredores/as empadroados en algunha das provincias Galegas.

Data: sábado 22 de maio. Hora: 16:00 – 20:00

Lugar: Polígono empresarial de Bértoa.

Percorrido: saída rúa do Titanio, Granito, Cinc, Madeira, Granito, Cobre, Seixo, Titanio, Wolframio, Bronce, Titanio. 2,3 km.

Xincana en rúa Titanio (aparcamento xunto a saída/meta)

Zona quecemento en rúa Cobre

Zona equipos en estacionamento entre rúa Seixo e Granito

Horarios probas:

Promesas-principiante: 16:00. Xincana.

Alevíns: 17:00 2 voltas circuío (4,6 km)

Infantís: 17:30 6 voltas circuío (13,8 km)

Cadetes: 18:15 15 voltas circuío (34,5 km)

*Os horarios e número de voltas son provisionais, unha vez pechada a inscrición publicaranse os definitivos, que poden sufrir modificacións por mor do número final de inscristos/as por categoría e da composición de cada unha das mangas/categorías.



RESUMO PROTOCOLO COVID-19

Normas xerais:

Circuíto pechado ó que tan só poderán acceder deportistas, técnicos e organizadores. Con control de accesos e acreditación previa.

Control de temperatura no acceso ó recinto e no acceso á zona de saída por parte de persoal da organización. En caso de temperatura superior a 37,5 haberá un segundo control de confirmación por parte dos servizos médicos da proba, prohibíndose o acceso ó recinto e á liña de saída ás persoas que teñan temperatura superior á permitida.

Zona reservada para equipos da que non poderán saír máis que para o quecemento (en quendas antes da saída e en zona habilitada). Unicamente poderán saír da zona para equipos os corredores na súa quenda de quecemento ou competición e os técnicos, quedando expresamente prohibido participar como público durante o desenrolo das competicións. Cada equipo debe configurarse como unha burbulla sen relación con outros equipos.

Uso da máscara en todo momento por parte de organización, colectivo arbitral, técnicos e corredores.

Cerimonia de podio ó rematar cada unha das categorías, con limitación de acceso á zona de podio.

Disporase cartelería lembrando as normas anti Covid-19 e xel hidroalcolico en distintos puntos do recinto.

Non haberá vestiarios. En caso de dispor de baños públicos, haberá un servizo de limpeza e desinfección permanente por parte da organización.

Prohíbese fumar en todo o recinto e comer/beber fóra das zonas habilitadas a cada equipo, nas que se debe manter unha distancia mínima de 3 metros co resto dos membros da burbulla no intre de retirar a mascarilla para comer ou beber. Tamén poderán beber/comer os deportistas durante a competición.

Fase 1: previa á competición

Os directores dos equipos participantes, ademais de facer a inscrición na web e cubrir os formularios obrigatorios polo protocolo anti Covid-19 da Federación Galega de ciclismo, deberán enviar un correo á dirección cccarballo@cccarballo.com indicando o nome dos corredores/as, técnicos e datos dos vehículos co formulario que se colgará a semana antes na web www.cccarballo.com. Permítese un máximo de 2 técnicos por equipo. Só poderán acceder ó recinto aquelas persoas que solicitaran a acreditación mediante correo electrónico antes das 23:59 do día 20 de maio. A organización devolverá copia do documento firmada ao responsable do equipo/club.

Non se permite a participación de corredores sen técnico responsable (director deportivo ou monitor, con licenza en vigor), polo que se comprobará a vixencia da licenza da persoa que se acredite como responsable do equipo/club.

Á chegada ó recinto na rúa do Cobre o persoal de control de acceso entregará acreditación para acceso dos vehículos ó recinto e plano indicativo da zona adscrita ó equipo, así como

acreditacións para cada un dos membros do equipo. Nese intre tomarase a temperatura a cada un dos membros do equipo, en caso de que algún membro tivera temperatura superior a 37,5 non se permitirá o acceso ó recinto de ningún membro do equipo que o acompañe no vehículo, polo que se recomenda que por parte dos directores se faga un control previo á viaxe.

Aqueles corredores que non veñan co equipo deberán ser recollidos polo director no exterior do recinto, quedando prohibida a entrada a acompañantes, nin sequera para deixar ao corredor/a ou o seu material.

Zona equipos: no aparcamento situado entre as rúas Seixo e Granito habilitaranse espazos delimitados para cada equipo. Só poderán acceder os vehículos acreditados previamente e permitirase a instalación dunha carpa por club. Non está permitido interactuar con outros equipos nin modificar o espazo adscrito a cada equipo.

Zona inscrición: habilitarase unha zona para colectivo arbitral, control de inscrición e reunión cos directores en lugar aberto e ventilado (dita reunión só se realizará en caso de forza maior). Dispoñendo de cadeiras con distancia mínima de 1,5 metros.

Zona quecemento: os corredores poderán facer o quecemento sobre rodillo na zona habilitada para o seu equipo ou rodando na zona habilitada a tal fin, á que poderán acceder 45 minutos antes da súa quenda de competición. O quecemento realizarase con máscara, evitando a interacción con corredores doutros equipos.

Fase 2: durante a competición

Saída: antes do acceso á zona de saída realizarase un novo control de temperatura ós corredores, en caso de temperatura superior a 37,5 non poderá participar na proba ningún dos corredores do equipo. Os corredores/as situaranse con distancia mínima de 1,5 metros. Pasada a meta deberán dirixirse inmediatamente á zona do equipo, onde a organización lle fará entrega dunha máscara nova que deberán poñer decontado.

Fase 3: rematada a competición

Rematada cada unha das mangas finais os participantes con dereito a premio dirixiranse á zona de podio. Farase entrega dos trofeos xusto ó remate de cada proba, e só poderá acceder o premiado e un técnico do equipo. O uso da máscara é obrigatorio en todo momento.

Os trofeos recolleranse do caixón do podio por parte dos premiados, que se disporán cunha distancia mínima de 1,5 metros. Limitarase a participación de autoridades a 1 por cerimonia.

Prégase a todos aqueles participantes que non resultaron clasificados para a manga final que abandonen o recinto unha vez rematada a súa manga, na medida do posible. En caso de permanecer deben de facelo na zona habilitada para o equipo.

Do control do cumprimento do presente protocolo no interior do recinto encargaranse membros da organización, contando coa colaboración de Protección civil e Policía local do Concello de Carballo para supervisar o cumprimento na contorna do recinto da normativa sanitaria vixente no momento da celebración da proba.

O incumprimento dalgún punto deste protocolo suporá a descalificación inmediata do corredor/a, ou do equipo ó completo en caso de que o incumprimento sexa dalgún técnico responsable do mesmo.